



*Pórtico  
do Paraíso*

*XIV Festival Internacional de Música*



TRADUCCIÓN  
Beatriz Varandas / Conchi da Silva

CORRECCIÓN TEXTOS  
Beatriz Varandas

TEXTOS SALAS  
Antonia García

DESEÑO E MAQUETACIÓN  
Miguel Chaler Publicidad

IMPRESIÓN  
Imprenta da Deputación Provincial

DEPÓSITO LEGAL  
OU 93-2021



*Pórtico  
do Paraíso*

*XIV Festival Internacional de Música*

do 4 ao 13 de xuño de 2021

## Juan Enrique Miguéns • Director artístico do Festival Pórtico do Paraíso

Como non podía ser doutro modo neste ano santo, o Festival Pórtico do Paraíso inaugúrase cun concerto dedicado a el, vinculado ao programa “O teu Xacobeo” da Xunta de Galicia. Trátase da actuación do prestixioso grupo italiano de música antiga **La Reverdie**, que volve ao Festival para nos presentar o programa *Santiago na devoción medieval*, unha orixinal visión do santo, e a súa influencia, sobre todo, en Italia.

Tras esta inauguración, o Festival por primeira vez prosegue o resto dos seus concertos na Ribeira Sacra, xusto a poucas semanas de coñecer se a UNESCO lle concede o recoñecemento de Patrimonio da Humanidade a esta comarca. Deste xeito, súmase, con este simbólico xesto, a achegar unha maior visibilidade ao potencial cultural que posúe este lugar.

En Santo Estevo, recibimos a **Daniel Ligorio**, un dos pianistas de máis proxección do panorama nacional, que nos presentará o programa *Catro estacións porteñas en Broadway*, con obras de Gershwin e Bernstein, que ante todo é unha homenaxe ao excepcional bandoneonista e compositor arxentino Astor Piazzolla de quen, neste ano 2021, se celebra o primeiro centenario do seu nacemento no Mar del Plata.

O concerto no mosteiro de Xunqueira de Espadanedo estará a cargo do laureado conxunto de música barroca **Forma Antiqua**. O seu programa *Farándula castiza* trasládanos ao Madrid de mediados do século XVIII, un período de exacerbada creatividade musical, en que emerxe unha nova linguaxe, produto da mestura da música barroca española coa italiana proveniente dos numerosos músicos de alí que traballaban na corte.

En San Pedro de Rocas, o indiscutible referente do acordeón en España, **Iñaki Alberdi**, articula o seu programa *Open the Door!, O acordeón a partir de Piazzolla* coa constante presenza deste compositor en cada bloque, xunto a obras doutros períodos ou estilos creando un forte e suxestivo contraste sonoro, sumándose así tamén á conmemoración do centenario do xenial músico.

Alén de todas estas actuacións, teremos a oportunidade de estrear un interesantísimo **documental** dedicado á figura de José de Nebra (1702-1768), o compositor español máis importante do seu tempo, co valor engadido da presenza do seu director e do seu musicólogo protagonista.

Marabillosa música medieval, barroca, do século XX, contemporánea... interpretada por excelentes músicos en belos espazos coidadosamente seleccionados. O meu agradecemento ás institucións públicas e privadas que o fan posible. Que o gocen!

A música é cultura. A Cultura é vida. Logo a música é vida. Un pobo medra canta máis cultura teña e sexa capaz de xerar. Así foi e así será. Cantos máis cultos, máis libres. Por iso, dende o goberno provincial, apoiamos sen dúbidas un evento tan relevante como “Pórtico do Paraíso”, xa, aínda, na súa décimo cuarta edición neste 2021 que andamos. A música, como escusa para descubrir o mellor do noso patrimonio arquitectónico, da nosa maxestade medioambiental. Mais tamén podemos dicir que o patrimonio e o medio ambiente son a escusa para deleitarse coa interpretación maxistral de composicións musicais que provocan evadarnos intelectualmente ou ficar para sempre no icónico espazo do noso Ourense onde nos atopemos.

Parabéns aos organizadores, lexítimos representantes do sector cultural, que debe actuar neste momento como revulsivo emocional na recuperación de todo o que a pandemia estragou. Grazas polo seu rigor, polo acerto na selección de intérpretes e obras, pola súa profesionalidade e polo compromiso co noso territorio, sen dúbida o mellor exemplo da tan cacarexada resiliencia.

Parabéns anticipados a quen participe nestas finas exhibicións, en que a voz é un instrumento máis, e o ambiente que xurda a mellor postal dunha experiencia clásica e con clase. Todos temos que crear e crer, e este evento axudará a materializar as expectativas máis elevadas que teñamos. Estamos diante da simbiose perfecta entre riqueza patrimonial e excelencia musical, unha aposta que ben merece unha terra creativa como a nosa.

É para min un orgullo participar con estas verbas no programa desta XIV edición de “Pórtico do Paraíso”, unha honra comprobar a súa solidez e consolidación, a súa mellora permanente, unha mostra de calidade que merece o noso apoio indubidable. Moitas grazas a todos por facelo posible.



JOAQUÍN REBOLLEDO

JOAQUÍN REBOLLEDO

con alma



**JOAQUÍN REBOLLEDO**

[www.joaquinrebolledo.com](http://www.joaquinrebolledo.com)

San Roque 11 A Rúa Ourense Galicia España  
Tifno. 988 372 307 Fax. 988 371 427

JOAQUÍN REBOLLEDO  
LABRADA GODELLO BARRICA



JOAQUÍN REBOLLEDO  
LABRADA MENCIA BARRICA



## LAREVERDIE

Grupo de música medieval (Italia)

Venres, 4 de xuño, 21:00 h

Igrexa de Santiago das Caldas (Ourense)

---

## DANIEL LIGORIO

Piano (Cataluña)

Domingo, 6 de xuño, 20:00 h

Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil

(Nogueira de Ramuín, Ourense)

---

## NEBRA. EL TRIUNFO DE LA MÚSICA

Documental (Aragón)

Venres, 11 de xuño, 20:00 h

Teatro Principal (Ourense)

## FORMA ANTIQVA

Conxunto de música barroca (Asturias)

Sábado, 12 de xuño, 20:00 h

Mosteiro de Santa María

(Xunqueira de Espadanedo, Ourense)

---

## IÑAKI ALBERDI

Acordeón (País Vasco)

Domingo, 13 de xuño, 20:00 h e 21:00 h

Mosteiro de San Pedro de Rocas

(Esgos, Ourense)



# LAREVERDIE

Grupo de música medieval (Italia)  
Venres, 4 de xuño, 21:00 h  
Igrexa de Santiago das Caldas  
(Ourense)

# LAREVERDIE

En 1986 dúas parellas de mozas irmás italianas fundaron o grupo medieval laReverdie, nome relacionado co xénero poético que celebra o regreso da primavera e que, en certo modo, transmite a esencia principal dun *ensemble* que leva trinta anos cativando a público e crítica por igual, con variadas propostas de programas e amplo repertorio de música medieval e do primeiro Renacemento.

O estudo profundo das obras e a súa experiencia xuntas durante todos estes anos de intensa actividade converteron laReverdie nun conxunto único, tanto polo extraordinario entusiasmo que comparten e comunican ao público como polo virtuosismo natural como cantantes e intérpretes instrumentais.

laReverdie ofreceu concertos por toda Europa e América e as súas gravacións foron emitidas por emisoras de ambos os dous continentes. O grupo ten máis de vinte CD, 16 deles para a casa discográfica Arcana e coproducidos pola compañía alemá WDR, que recibiron varios premios da crítica europea, como o Diapason d'Or de 1993 que supuxo o pulo definitivo da súa carreira. As súas últimas gravacións foron candidatas ao mellor CD do ano nos International Classical Music Awards de 2010, 2014 e 2019 na categoría de música antiga. O seu último CD, monográfico do compositor Francesco Landini, foi editado en xuño de 2019 e contou coa participación de Christophe Deslignes ao *organetto*.

Desde 1997 as compoñentes de laReverdie deron cursos e clases maxistras en foros tan prestixiosos como o Curso Internacional de Música Antiga de Urbino en Italia ou o Festival Trigonale en Austria. Son habituais as súas clases e colaboracións en conservatorios e escolas de música, como a Civica Scuola di Musica Claudio Abbado en Milán ou a Staatliche Hochschule für Music en Trossingen (Alemaña).

laReverdie colaborou en proxectos especiais de institucións, músicos e artistas do talle de Franco Battiato, Moni Ovadia, Carlos Núñez, Teatro del Vento, Mimmo Cuticchio, David Riondino e Gerard Depardieu.

# PROGRAMA

## Santiago na devoción medieval (60 min)

### Prólogo

*In omnem terram* – Ofertorio para a festividade de Santiago

### Santiago na devoción italiana

*Benedicti e llaudati* – lauda (ff. 123–131v)

*Lo signore ringrazando, colli Apostoli laudando* – lauda (ff. 82v–84)

*A Sancto Jacobo [maggiore]* lauda (ff. 109–110)

*Facciam laude a tutti i santi* lauda (ff. 133–134v)

### A peregrinación

*Nostra phalans plaudat leta* conductus (f. 185)

*Gratulantes celebremus festum* conductus (f. 185)

Congaudeant Catholici - c (f. 185)  
Benedicamus domino (f. 190)

Anónimo italiano, finais do século XIII. Biblioteca del Comune e dell'Accademia Etrusca (Cortona)

Anónimo italiano, mediados do século XIV. Biblioteca Nazionale Centrale (Florença)

Magister Ato episcopus Trecensis  
Magister Goslenus episcopus Suesionensis  
Magister Albertus Parisiensis  
Magister Gauterius de Castello  
Rainardi Decantum

### Santiago no Quattrocento italiano

*Strenua quem duxit*  
*Gaudeat* – motete (ff. 118v–119)

*Exsultet caelum laudibus* - himno

Da Misa a Santiago Apóstolo:  
*Alleluya / Clarens stella* (ff. 146v–148r)

*In omnem terram* - Ofertorio (ff. 150v–151)

*Vos qui secuti* - Post-Communio (ff. 152v–153)

*Rite majorem / Artubus summis*  
*Ora pro nobis* – motete (ff. 212v–213)

Antonio da Cividale (1410-21)  
Bodleian Library (Oxford)

Guillaume Du Fay (1397-1474)  
Museo internazionale e biblioteca della musica (Boloña)

Proxecto beneficiario do programa **O teu Xacobeo**





# Santiago das Caldas

As Caldas foi un dos asentamentos que, na época romana, prosperaron no contorno do poboado de agricultores que daquela era a cidade de Ourense.

Consta a existencia dunha capela mozárabe chamada Santa Catarina de Reza Vella, na Alta Idade Media, e tense coñecemento da formación, cara aos séculos XI-XII, dunha parroquia da que aparecerán datos ata o ano 1639.

A parroquia das Caldas tiña un templo románico do século XVI que, xunto coa reitoral, atopábase moi preto do actual cemiterio das Caldas, nas ribeiras do Miño. Aínda que se reformaron no século XVII pronto quedaron pequenos para atender as necesidades da poboación e xa, a finais do século XIX, estaban en estado ruinoso.

No ano 1905, o bispo Eustaquio Llundain y Esteban encargalle a José María Basterra, arquitecto da diocese de Bilbao, a construción do novo templo parroquial. O 30 de xullo de 1910 colócase a primeira pedra na Avenida das Caldas.

O edificio levantouse segundo o gusto historicista da época. O gótico e a súa lixeireza e luminosidade foi o seu modelo. Os elementos estruturais básicos son o arco apuntado, a bóveda de cruceira e os arcobotantes, que lle dan a esta igrexa a imaxe característica exterior.

A fachada presenta unha soa torre central, típico esquema das igrexas construídas por Basterra.

En 1919 encárgase a Maximino Magariños, imaxineiro relixioso compostelán, o retablo. Ten estrutura de portada gótica con policromía dourada na que todo é filigrana oxival e adáptase perfectamente ao estilo do templo. Os relevos das rúas laterais representan escenas da vida do patrón da igrexa: Santiago Apóstolo. Na parte baixa, un Crucifixo do Cristo do Perdón; no piso superior, unha escultura de gran tamaño en madeira do Apóstolo.

 **ELIGIO**  
 **RODRÍ-**  
 **GVEZ**  
**JOYEROS**  
**ORENSE**

Santo Domingo, 41



**TAGHeuer**

**CERTINA**   
SWISS WATCHES SINCE 1885

**LONGINES®**  




**EBERHARD & CO.**

*Manufacturers Since 1844*



**Cuevas y Sobrinos**  
LA HABANA 1882

# Ribeira Sacra

Candidata á lista do Patrimonio Mundial



# DANIEL LIGORIO

Piano (Cataluña)

Domingo, 6 de xuño, 20:00 h

Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil  
(Nogueira de Ramuín, Ourense)



# DANIEL LIGORIO

Está considerado pola crítica e o público como un dos pianistas de máis proxección do panorama nacional. Ofreceu recitais só e con orquestra nas salas e nos festivais máis prestixiosos do país.

Nos últimos anos interveu en proxectos tan importantes como a gravación do concerto para piano e orquestra do mestre Joaquín Rodrigo, coa casa discográfica Naxos; a estrea internacional, con motivo do cincuenta aniversario de Juventudes Musicales de España, do concerto para dous pianos e orquestra Juventus de Antón García Abril; a gravación da integral para piano de Manuel de Falla, a integral dos tríos de Turina para piano, violín e cello co Trío Arriaga, así como as gravacións da obra de George Gershwin e, recentemente, de Enrique Granados, coa casa discográfica Warner Music.

Os premios como pianista e compoñente de diferentes grupos de cámara abríronlle as portas a importantes xiras de concertos en Europa, América e Asia. Entre eles, destacan o concurso nacional de Juventudes Musicales de España, o Infanta Cristina ou o Fundación Yamaha, e no ámbito internacional, o Kendall Taylor Beethoven Piano Prize, o Quilter Piano Competition, o Hopkinson Gold Medal & Sydney & Peggy Shimmin Piano Prize e o primeiro premio do Concurso Gaetano Zinnetti, en Verona.

Colaborou co Cuarteto Brodsky, co Cuarteto da Gewendhause de Leipzig, co Cuarteto de Praga, co Cuarteto Pezze de Italia, cos directores Marcello Biotti, Robert King e Josep Pons e coas orquestras máis prestixiosas do país, como a Orquesta Sinfónica de Sevilla, a Orquesta Sinfónica de Málaga, a Orquesta Sinfónica de Córdoba, a Orquesta Pablo Sarasate de Pamplona, a Orquesta de Radio Televisión Española, a Orquesta Sinfónica de Galicia, a Orquesta Sinfónica de Murcia, a Orquesta Sinfónica de Extremadura e a Orquesta Sinfónica de Gulbenkian de Lisboa.

Actualmente prepara para a discográfica Naxos unha gravación de tríos americanos, así como unha xira de concertos para promover a súa última gravación da integral para piano do mestre Manuel de Falla.

[www.danielligorio.com](http://www.danielligorio.com)

# PROGRAMA

## CATRO ESTACIONES PORTEÑAS EN BROADWAY

Homenaxe a Astor Piazzolla no 100º aniversario do seu nacemento

### *Rhapsody in blue* \*

George Gershwin (1898-1937)

*Moderato*  
*Allegro vivace*  
*Calmo*  
*Allegro*  
*Presto*  
*Grandioso*

\* *versión orixinal para piano solo*

### *Symphonic dances from West Side Story* \*

Leonard Bernstein (1918-1990)

*Prólogo*  
*Somewhere*  
*Scherzo*  
*Mambo*  
*Cha Cha*  
*Meeting scene*  
*Cool fuge*  
*Rumble*  
*Finale*

\* *arr. M. Hauley*

### *Cuatro estaciones porteñas*

Astor Piazzolla (1921-1992)

*Primavera*  
*Verano*  
*Otoño*  
*Invierno*



## Santo Estevo de Ribas de Sil

O mosteiro de Santo Estevo menciónase por primeira vez nun documento do ano 921, onde existiría, posiblemente, un eremitorio abandonado no tempo das invasións musulmás.

Durante o período de maior esplendor, o mosteiro beneficiouse da fama de santidade dos nove bispos que durante o século X renunciaron ás súas sés para retirarse do mundo neste lugar. Os peregrinos acudían atraídos polos milagres atribuídos aos seus aneis e pola súa historia case lendaria. En 1499 pasou a depender da congregación de san Bento de Valladolid.

As obras da igrexa comenzaron no 1183, aínda que foron interrompidas na seguinte centuria e non se retomaron ata o século XV. A planta de tres naves remata nunhas ábsidas semicirculares que constitúen a parte románica do templo. A primitiva cuberta de madeira substituíuse no século XVI pola actual bóveda de crucería, xa de estética gótica. Na cabeceira, o retablo, do ano 1593, é obra de Juan de Angés, sobre el, a luz entra por un rosetón que se abre na ábsida central que ten menos altura que as laterais. O retablo pétreo do século XII, que se mostra entre as naves central e norte, foi encontrado nun muro do Claustro Grande e representa a Xesús cos doce Apóstolos baixo arquiños. O incendio do ano 1562 e a decisión de que Santo Estevo empezase a funcionar como Colexio de Artes fixeron necesaria a rehabilitación de espazos e a construción de novas estancias. O Claustro Grande ou dos Cabaleiros, o Claustro do Viveiro e a fachada do mosteiro son dos séculos XVI e XVII. Tamén deste período é a reforma que dotou dunha planta máis o Claustro dos Bispos, construído no muro norte da igrexa no século XIII. Este claustro é a parte máis antiga que se conserva do conxunto e nel estiveron as nove tumbas dos célebres prelados que pasaron os seus últimos días no convento.

Despois de que Santo Estevo pasara a mans do estado no século XIX, tivo varias funcións, pero ningunha evitou a ruína que fixo que o conxunto se deteriorase. No ano 2004, tras unha profunda reforma, o mosteiro abriu as portas como Parador de Turismo.

# NEBRA EL TRIUNFO DE LA MÚSICA

Documental (Aragón)

Venres, 11 de xuño, 20:00 h

Teatro Principal (Ourense)



# NEBRA

El triunfo de la música

Un documental producido por ALBELLA AUDIOVISUAL S.L. - Dirección: JOSÉ MANUEL HERRAIZ

Emisión patrocinada por TELEVISIÓN AUTONÓMICA DE ARAGÓN

con LUIS ANTONIO GONZÁLEZ «LOS MÚSICOS DE SU ALTEZA»

JOSÉ LUIS GONZÁLEZ URBIL - CARLOS GONZÁLEZ - ANTONIO EZQUERRO - EMILIO CASARES - LORENZO BIANCONI

MARC HELBRON - Cámara: EMILIO GAZD - CHARO ANDRÉS - Asesoría de edición: DARIO PÉREZ

Locución: XAVI FERNÁNDEZ



# NEBRA El triunfo de la música

Un documental escrito e dirixido por **JOSÉ MANUEL HERRAIZ**

Baseado nas investigacións de **LUIS ANTONIO GONZÁLEZ** (IMF-CSIC)

Producido por **ALBELLA AUDIOVISUAL**

Coa participación de **ARAGÓN TELEVISIÓN** e o apoio de **DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE ZARAGOZA**

**Duración:** 75 minutos

## Sinopse

José de Nebra (1702-1768) foi o compositor español máis importante do seu tempo. Traballou para a corte española durante máis de catro décadas e foi autor de éxito nos teatros públicos madrileños. Con todo, tras a súa morte, a maioría das súas obras esquecéronse ou extraviáronse.

*Nebra*. El triunfo de la música repasa a vida e a época deste músico xenial, e segue o proceso de recuperación dunha das súas óperas, *Venus y Adonis*, que non se interpretara en case 300 anos. O músico e investigador Luis Antonio González (IMF-CSIC) enfróntase ao desafío de reconstruír un vello manuscrito e levalo aos escenarios. Unha viaxe apaixonante desde a escuridade dos arquivos ata un dos centros musicais máis prestixiosos de España: o Auditorio Nacional de Madrid.

# *Musical González*

*dende 1978*





# Teatro Principal

Santiago Sáez Pastor decidiu construír na década de 1830 o Teatro Principal, na rúa da Paz, antiga rúa dos Zapateiros. Ao parecer, foi unha especie de vinganza porque venderon o palco que el tiña reservado, nun día de función, no vello teatro.

Levantou o novo no lugar onde tiña a súa vivenda e o seu negocio, un banco. O edificio foi un pequeno teatro “á italiana”, é dicir, cun patio de butacas e palco na planta baixa, tres pisos de palcos e escenario. O teito con decoración vexetal e xeométrica. A parte que daba á rúa tiña planta baixa, que era o vestíbulo do teatro, e catro alturas que se destinaban a vivendas.

Foi, durante bastantes anos, o único teatro público da cidade e o lugar de ocio máis selecto. Era o centro da vida social e cultural e nel houbo concertos, zarzuelas, obras teatrais, bailes, mitins, ... O poeta Zorrilla leu os seus versos no Principal, Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán participaron nun concurso literario e personaxes como Calvo Sotelo ou Gil Robles organizaron nel importantes actos políticos.

No 1912 o cine chega a Ourense e o Teatro Principal, tres anos despois, proxecta a súa primeira película, *Viva el Rey*, nunha sala remodelada e adaptada ás novas necesidades.

Na transición pechouse e estivo a piques de desaparecer. “Trátase de salvar o Principal” foi a consigna dun grupo encabezado por artistas, profesores, arquitectos e xente da vida pública ourensá, que logrou que a remodelación comezara a principios dos anos 80. O Teatro Principal reinaugurouse en 1992.

# FORMA ANTIQVA

Conxunto de música barroca (Asturias)  
Sábado, 12 de xuño, 20:00 h  
Mosteiro de Santa María  
(Xunqueira de Espadanedo, Ourense)

violín  
Jorge Jiménez

violín  
Daniel Pinteño

cello  
Ruth Verona

guitarra barroca  
Pablo Zapico

clavecín e dirección  
Aarón Zapico

fest clásica

gema  
Grupos Españoles de Música Antigua



GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE

inaem

# FORMA ANTIQVA

Forma Antiqua é o proxecto artístico en común dos irmáns Aarón, Daniel e Pablo Zapico. Creado en Langreo, Asturias, hai máis de dúas décadas, está considerado como un dos máis importantes e influentes da música clásica en España.

Cunha formación variable que abrangue do trío á orquestra barroca rodeados sempre por músicos de atractiva traxectoria, abordan de maneira orixinal e atrevida a práctica totalidade do repertorio dos séculos XVII e XVIII.

Son invitados con regularidade a salas como o Teatro Real, Teatro de la Zarzuela e Auditorio Nacional de Madrid, Palau de la Música de Barcelona, Teatro de la Maestranza de Sevilla, Teatro Campoamor de Oviedo ou Palacio de Festivales de Santander, entre outros, onde presentan atrevidos programas sempre valorados pola cohesión e calidade das súas propostas.

Foron embaixadores do patrimonio español no Rudolfinum de Praga, da obra de Bach en Eisenach ou da música de Händel no seu festival de Halle. Os convites para programar a Forma Antiqua chegan constantemente de sitios tan remotos como Nova York, Canberra, Toquio, Singapur ou Xangai.

Desde 2009 son artistas exclusivos da discográfica alemá de culto Winter & Winter e os seus rexistros están influenciados polo eclecticismo e a capacidade de visión da discográfica de Stefan Winter. Desta maneira, o rigor máis canónico dos traballos dedicados a Steffani ou a Händel convive coa procura dun son propio, a estrea patrimonial de Vicente Baset, a música composta por Ernst Reijseger para eles mesmos ou a mestura con artistas como Uri Caine, Theo Bleckmann e Fumio Yasuda.

En constante evolución e activos en numerosas fronteas, entre as que destacan a docencia, a divulgación ou o compromiso coa evolución do sector, os irmáns Zapico traballan actualmente na recuperación da tonadillera La Caramba, o proxecto Lázaro con música do arquivo da catedral de Oviedo ou Farándula castiza, unha viaxe aos seráns instrumentais do Madrid de mediados do século XVIII que, recentemente, obtivo o recoñecemento e selo de calidade da Asociación de Festivales de Música Clásica de España.

# PROGRAMA

## FARÁNDULA CASTIZA (70 min)

### Abertura

*Obertura de Iphigenia en Tracia* – Allegro  
José de Nebra (1702 -1768)

Fandango  
Bernardo Álvarez Acero (1766 -1821)

### Primeira Xornada

*Sinfonía no 3* – Allegro  
José Castel (1737 - 1807)

*Sinfonía de La Nitteti*  
Andante alla francese  
Nicolás Conforto (1718 - 1793)

*Sinfonia a più stromenti [Bas-3]*  
Vicente Baset (1719 - 1764)

Allegro assay  
Adagio  
Minueto

### Segunda Xornada

*Tempo di Minuetto*  
(Op VI, Madrid 1771)  
Luigi Boccherini (1743 - 1805)

*Sinfonia de Angelica e Medoro*  
Andante  
Juan Bautista Mele (ca.1701 - 1752)

*Fandango*  
Nicolás Conforto

*Apertura a più stromenti [Bas-7]*  
Allegro assay  
Andante moderato  
Vicente Baset

Presto

### Terceira Xornada

*Cumbees*  
Santiago de Murcia (1673 – 1739)

### *Sinfonia de Siroe*

Con ira  
Andante alla francese  
Allegro

*Obertura de La cautela en la amistad*  
Andante  
Francisco Corselli (1705 - 1778)

*Obertura de Iphigenia en Tracia*  
Minueto  
Allegro  
José de Nebra

### Fin

*Sinfonia no 3* - Minueto  
José Castel

*Apertura a più stromenti [Bas-5]*  
Allegro assay  
Adagio  
Allegro  
Vicente Baset



## Santa María de Xunqueira de Espadanedo

Antes de que no ano 1174 os abades de Xunqueira e Montederramo asinaran un documento, con intercambio de posesións, que os comprometía a respectar a paz entre os dous mosteiros, probablemente existise neste lugar un cenobio familiar. Aínda que de incorporación tardía, o mosteiro de Xunqueira aparece no ano 1207 citado no Capítulo Xeral da orde do Císter.

O claustro regular, a hospedaxe e a portaría reedifícanse no ano 1546, cando Xunqueira de Espadanedo se integra na congregación de Castela. Novas instalación, como a sancristía e o coro alto, tamén se levantan neste tempo durante as obras de mellora. Construída en románico tardío, a igrexa desprega, baixo unha cuberta de madeira, tres naves separadas por piares que desembocan en ábsidas semicirculares orientadas ao leste. Na limpeza dos muros do interior do templo, apréciase o gusto cisterciense pola sinxeleza e a sobriedade. Con todo, os historiados capiteis das columnas desenvolven fermosas representacións de animais fantásticos, motivos vexetais e unha rara imaxe das murallas da Xerusalén celeste. Na cabeceira, detrás do altar pétreo medieval, o retablo manierista de madeira é obra de Juan de Angés de finais do século XVI. Rematado cun calvario e os escudos da congregación de Castela, o conxunto presenta escenas da vida de Xesús e de María que enmarcan a fermosa talla da Asunción. Formaba parte do retablo a Lactatio de san Bernardo, imaxe que mostra o momento en que o santo adquire sabedoría e o don da oratoria a través do leite da Virxe. Acabada de restaurarse, está situada agora nun dos muros do templo. Das portadas románicas do exterior, consérvanse a do lado norte, en bo estado pero cegada, e a do sur que dá ao claustro. A occidental derrubouse no 1800 e un ano despois construíuse a actual neoclásica, que remata na torre das campás de inspiración barroca. O mosteiro permanece habitado ata a desamortización de 1835, cando as súas dependencias pasan a ser propiedade municipal. Da antiga edificación conventual, queda a barroca entrada que dá paso á bóveda de casetóns da portaría, a hospedaxe e parte do fermoso claustro regular renacentista de estilo toscano do século XVI.



# IÑAKI ALBERDI

Acordeón (País Vasco)

Domingo, 13 de xuño, 20:00 h e 21:00 h

Mosteiro de San Pedro de Rocas (Esgos, Ourense)

# IÑAKI ALBERDI

Iñaki Alberdi actuou en salas de concertos e festivais como o Teatro La Fenice (Venecia), Musikverein (Viena), Sala Arsenal (Metz), Auditorio Nacional (Madrid), Duke Hall (Londres), Hermitage (San Petersburgo), Ostertoene Festival (Hamburgo), Teatro da Ópera do Cairo, Festival de Outono de Varsovia, Filharmónica de San Petersburgo, Staatsooper Stuttgart, Festival de Música y Danza de Granada, L'Auditori de Barcelona, Mostly Modern Series of Dublin, Teatro Colón de Buenos Aires ou Teatro Solís de Montevideo.

Como solista, destaca o seu labor na difusión de música para acordeón e orquestra, e actuou como solista con orquestras, como a Orquesta Nacional de España, Royal Liverpool Philharmonic, Tampere Chamber Orchestra, Orquesta Ciudad de Granada, Orquesta de RTVE, Real Filharmonía de Galicia, Orquesta de la Comunidad de Madrid, Bilbao Orkestra Sinfonikoa, Orquesta Filarmónica de Buenos Aires, Orquesta Filarmónica de Montevideo, Euskadiko Orkestra Sinfonikoa ou Orquesta do Ministerio de Cultura Ruso, colaborando con directores como Juanjo Mena, Josep Pons, Pablo González, Cristóbal Halfter, Vasily Petrenko, Adrian Leaper, Pedro Halfter, Alexei Artemiev, Yoav Talmi, Melanie Thiebaut, Bojan Sudjic, Baldur Brönnimann, Nacho de Paz ou José Ramón Encinar.

Estreou máis de 80 obras de destacados compositores, como S. Gubaidulina, K. Stockhausen, Luis de Pablo, Joan Guinjoan, Gabriel Erkoreka, Ramon Lazkano, José María Sánchez-Verdú ou Alberto Posadas, e obtivo os seguintes galardóns e recoñecementos: o Gramophon Editor's Choice Award, polo disco monográfico sobre Sofia Gubaidulina, coa Euskadiko Orkestra Sinfonikoa e Asier Polo, baixo a dirección de José Ramón Encinar; o Disco Excepcional Scherzo polo CD *Conciertos para acordeón y orquesta*, coa Orquesta Nacional de España e baixo a dirección de Nacho de Paz; e o Melómano de Oro por *Sensations*, integrado por transcripcións de Albéniz, Piazzolla e Soler, entre outros.

Gravou para as casas discográficas IBS, OCNE, Kairos, Verso, Etcétera e NEOS.

# PROGRAMA

## Open the door

O acordeón a partir de Piazzolla ( 35 minutos cada parte )

### Parte A

*Open the door!* Federico Jusid (1973)

*Domine non sum dignus\** Tomás Luis de Victoria  
(1548-1611)

*S.V.P* Astor Piazzolla (1921-1992)

*Sonata I*  
*(Allegro marcato)* Alberto Ginastera  
(1916-1983)

*Ave María*  
*Ciaccona\** Astor Piazzolla  
Johann Sebastian Bach  
(1685-1750)

### Parte B

*Calmo e libero* Joan Guinjoan (1931-2019)

*Picasso* Astor Piazzolla

*Capricho* Luis De Pablo (1930)

*Contrabajando* Astor Piazzolla

*Sonata nº 25 /49\** Antonio Soler (1729-1783)

*Asturias\** Isaac Albéniz (1860-1909)

*Contrastes* Astor Piazzolla

*Aragón\** Isaac Albéniz

*\*Transcripcions de Iñaki Alberdi*



## San Pedro de Rocas

Moi posiblemente o mosteiro de San Pedro de Rocas existise xa como asentamento dalgún tipo de vida eremítica desde finais do século IV. O ano 573 é o que aparece, con todo, na lápida que algúns consideran a carta fundacional do mosteiro e que se conserva no Museo Arqueolóxico de Ourense. A data e o texto da estela dan testemuño da existencia dun primitivo cenobio de carácter talvez familiar que, aínda sen intención construtiva articulada, contaba cunha serie de covas naturais a modo de celas para o illamento dos eremitas e organizaba a vida ao redor dun espazo empregado para diferentes actividades comunitarias. Estivo ocupado con regularidade ata o século VIII cando, coincidindo coas incursións árabes en terras galegas, foi abandonado.

Abandonado e en ruínas topou con el, durante unha cacería, o cabaleiro Xemunde quen iniciará a recuperación da actividade conventual. Baixo a protección do rei Afonso III, a partir do ano 900, comeza unha nova etapa que vivirá o máximo esplendor no século XII coincidindo coa dinamización monacal da Ribeira Sacra.

A primitiva construción adaptárase á nova vida monástica regular que se está a desenvolver. A igrexa, único exemplo de edificación rupestre que existe en Galicia, consta de tres naves cubertas con bóvedas de canón que rematan en tres ábsidas semicirculares. Un lucernario, aberto no segundo tramo da nave central, ilumina cenitalmente o recinto. Para cubrir as necesidades de espazo do mosteiro constrúese no século XIII, diante da fachada románica, unha nave transversal que presenta o chan cuberto de sepulcros antropomorfos escavados na rocha.

Destaca, no exterior, a espadana de finais do XV que se ergue sobre unha pedra de 14 metros de altura aberta cun gran arco que dá acceso ao antigo cemiterio. O claustro do mosteiro foi destruído, de certo, no incendio do ano 1640 e nesa mesma época alzouse o novo e sobrio priorado de planta rectangular que, despois da exclaustración do XIX, converterase en casa parroquial.



organiza



patrocina



colaboran



CONCELLO DE  
NOGUEIRA  
DE RAMUÍN



CONCELLO DE  
XUNQUEIRA  
DE ESPADANEDO



CONCELLO DE  
ESGOS



Xacobeo 21-22



XUNTA  
DE GALICIA

apoian



JOAQUÍN REBOLLEDO



HOSPITAL  
CO.SA.GA.º  
"Medicina en Equipo"

ELIGIO  
RODRI-  
GUEZ S.  
JOYEROS  
ORENSE



Musical González



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE EDUCACIÓN, CULTURA  
Y DEPORTE

inaem

“Este festival debe hacernos sentir orgullosos de la ciudadanía ourensana”.

*La Región*

“Un festival que ha vuelto a contar con una afluencia de público y una excelencia musical en los conciertos realmente sobresalientes”.

**mundoclasico.com**

“Tranquilamente, pero con creciente calidad, Ourense va consolidando su festival internacional de música”.

*Revista Scherzo*

“Un festival que está calando hondo en la ciudad de As Burgas y que ha logrado mejorar el ya alto nivel de ocupación de ediciones anteriores”.

*El País*

“O Festival “Pórtico do Paraíso” coloca a Ourense na rota dos festivais europeos”.

*Diário de Notícias,  
Lisboa*

# AGRADECIMENTOS

PARROQUIA  
DE SANTIAGO  
DAS CALDAS

  
**PARADORES**  
Santo Estevo



Teatro Principal  
de Ourense

Parroquia de  
Santa María de  
Xunqueira  
de Espadanedo

**c:mus**  
conservatorio de música de ourense



*El Liceo de Ourense*



Protocolo Seguro  
Covid-19

# #LoSeguroEsVenir

fest clásica

FESTIVAL ASOCIADO

INFORMACIÓN

[info@porticodoparaiso.com](mailto:info@porticodoparaiso.com)

[www.porticodoparaiso.com](http://www.porticodoparaiso.com)

ORGANIZA  
Asociación Pórtico Musical

PATROCINA  
Deputación de Ourense

COLABORAN  
Concellos de Nogueira de Ramuín, Xunqueira de Espadanedo e Esgos  
Xacobeo 21-22 e Xunta de Galicia

APOIAN  
Joaquín Rebolledo, Cosaga,  
Eligio Rodríguez Joyeros,  
Musical González e INAEM

DIRECCIÓN ARTÍSTICA  
Juan Enrique Miguéns

COORDINACIÓN E XESTIÓN  
Conchi da Silva

PRESENTACIÓN DOS CONCERTOS  
Rafael Costas  
Alexandre Delgado

ENDEREZO  
Festival Internacional de Música Pórtico do Paraíso  
APDO. 1219 • 32080 OURENSE

# Pórtico do Paraíso

*XIV Festival Internacional de Música*

do 4 ao 13 de xuño de 2021

[www.porticodoparaiso.com](http://www.porticodoparaiso.com)

organiza



patrocina



colaboran



CONCELLO DE  
NOGUEIRA  
DE RAMUÍN



CONCELLO DE  
XUNQUEIRA  
DE ESPADANEDO



CONCELLO DE  
ESGOS



Xacobeo 21-22



XUNTA  
DE GALICIA